

A fábrica de Mera deixou unha fonda pegada na historia do pobo

Este parque está presidido por esta gran cheminea que é a testemuña da antiga fábrica de tellas e ladrillos que deu orixe á lagoa e que foi fonte importante de ingresos para a veciñanza desde finais do século XIX ata mediados do século XX.

O aproveitamento do barro para a fabricación de tellas e ladrillos no concello de Oleiros xa vén de tempos inmemoriais.

En 1752 o *Catastro* do Marqués da Ensenada recolle na parroquia de Maianca a existencia de tres «hornos de cocer texa», un situado no lugar da Gándara que producían ao ano 60 reais vellón e dous en Mera que producían 75 e 27 reais vellón cada un.

Nos últimos anos do século XIX nunha desas vellas teileiras de Mera que mercou Benito Cividanes España construíuse a Fábrica de ladrillos e tellas, logo de asociarse con Luis Iglesias Labarta.

Co paso do tempo Benito Cividanes emigra e a fábrica pasa a ser propiedade da familia Labarta e os ladrillos que inicialmente se marcaban co nome «Santa Ana» pasaron a marcarse co nome «Labarta».

Metidos na auga no que hoxe é a lagoa de Mera, homes e mulleres cavaban pozos de onde extraían o barro e desde alí o transportaban en vagonetas ata a fábrica. Logo de pasar polo gramador, onde se limpaba de impurezas, o barro metíase en moldes para ladrillos e tellas. Despois, as mulleres cortadoras recortaban as pezas que os homes metían a cocer nos grandes fornos de carbón.

Unha vez rematados, os ladrillos transportábanse por mar en galeóns, pequenos barcos de cabotaxe para o transporte entre as rías. Fondéaban na praia de Santa Ana e ata alí levábanse os ladrillos e as tellas en carros de bois. Logo, a través dunhas ramplas de madeira, as mulleres con panelas na cabeza subían ao bordo.



Arquivo Municipal do Concello de Oleiros

A finais da década de 1950, a Fábrica deixou de funcionar e, logo de pasar por distintos usos, foi derruída para construír vivendas e a súa cheminea trasladada e reconstruída neste lugar que agora ocupa, como símbolo da importancia que tivo no desenvolvemento de Mera.



ARQ. Concello de Oleiros. Colección de fotografías. Oleiros, Mera, Sp. 1270



Arquivo Municipal do Concello de Oleiros

Xa cando non foi rendible extraer máis barro, a fábrica deixou de producir ladrillos e tellas, pero moitas mulleres de Mera, a iniciativa da filla dos donos, facían monecas coa cabeza de barro, que logo se vendían nas tendas da contorna.



Agradecemento especial ás persoas participantes do Obradoiro da Memoria de Mera, que organiza o Concello de Oleiros, grazas ás que se puido recuperar a historia desta emblemática Fábrica de Mera.